

*Orde do 8 de marzo de 2011 pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2011, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, en réxime de concorrencia competitiva.*

Dentro do conxunto de medidas postas en marcha pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no curso escolar 2010-2011, o dominio de linguas estranxeiras constitúe o eixe vertebrador. Este conxunto de medidas, en liña coas recomendacións do Consello de Europa en materia de linguas, establece entre as súas finalidades fomentar o coñecemento de idiomas co obxecto de que o alumnado galego adquira unha competencia plurilingüe. En canto ás medidas recollidas polo dito plan, unha das súas principais accións é a promoción e desenvolvemento de estadías de escolares galegos e galegas noutros países ou en centros residenciais de Galicia, co fin de crear no alumnado a necesidade de empregar idiomas para se comunicar e para os utilizar en contextos reais, poñendo en valor a educación desde unha perspectiva intercultural.

Considerando o complexo proceso de xestión e as necesidades desta convocatoria faise imprescindible a achega de documentos relativos á identidade, excepcionalidade indicada no parágrafo terceiro do preámbulo da Orde do 7 de xullo de 2009, pola que se desenvolve o Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos (DOG do 10 de xullo).

Por todo iso, e dentro deste conxunto de medidas, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

#### *DISPÓN:*

##### *Artigo 1º.-Obxecto e ámbito da convocatoria.*

O obxecto desta orde é establecer as bases e convocar axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para realizar as actividades de formación lingüística durante o ano 2011, dirixidas á mellora das competencias en linguas estranxeiras do alumnado de distintos niveis dos centros docentes sostidos con fondos públicos en Galicia.

##### *Artigo 2º.-Actividades de formación convocadas.*

1. As actividades que responden ao obxecto desta orde, e cuxo contido se especifica en canto a número de prazas, destino e réxime de aloxamento no anexo VI, son actividades de formación e mobilidade para a mellora na competencia no uso das linguas estranxeiras.

2. O período de realización destas actividades comprenderá desde a última semana do mes de xuño ata finais do mes de agosto, coa excepción das actividades de integración, que se desenvolverán no inicio do curso 2011-2012.

As datas concretas de realización das actividades daranse a coñecer coa publicación das listaxes definitivas do alumnado seleccionado.

A Administración resérvase o dereito de adxudicarlles destino ás persoas seleccionadas atendendo, na medida do posible, ás preferencias indicadas na solicitude.

3. A xestión e organización das actividades levarase a cabo por medio de empresas coa debida cualificación, contratadas para o efecto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Ocuparanse de ofrecer os recursos materiais e humanos necesarios para o seu desenvolvemento, así como da contratación da oportuna póliza de seguros para a cobertura das persoas asistentes.

As familias achegarán as cantidades que lles correspondan á empresa adxudicataria encargada da organización técnica da actividade, segundo as contías establecidos no anexo VI desta orde.

##### 4. O custo total de cada actividade inclúe:

-Os gastos da viaxe desde o punto de saída dos distintos grupos, para o alumnado que viaxe ao estranxeiro.

-Os monitores ou monitoras que acompañarán o alumnado en cada un dos grupos durante a actividade, desde o momento da saída ao do regreso.

-Os gastos de docencia e o material escolar.

-As actividades culturais, deportivas e complementarias dos cursos.

-Os gastos de mantenza e aloxamento.

-O certificado de realización da actividade.

-O seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

##### *Artigo 3º.-Persoas beneficiarias e requisitos.*

1. Poderá solicitar a participación nas actividades convocadas e ser beneficiario destas axudas o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

a) Estar cursando 6º de educación primaria; 1º, 2º, 3º e 4º da educación secundaria obrigatoria; 1º ou 2º de bacharelato e ciclos formativos de grao superior, que teñan un módulo profesional de lingua estranxeira no seu currículo, en centros sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de réxime xeral, durante o curso 2010-2011, na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Ter superadas todas as áreas, materias ou módulos no curso 2009-2010.

c) Ter acadado no curso 2009-2010, unha cualificación mínima de ben, para o alumnado de educación primaria, e de 6 para o de educación secundaria obrigatoria, de bacharelato e de ciclos formativos, na área, materia ou módulo de lingua estranxeira que se vai perfeccionar na estadía.

d) Non ter concedida, neste curso académico, outra axuda coa mesma finalidade.

e) Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Estar en posesión do DNI, NIE ou pasaporte, coa excepción do alumnado de 6º de educación primaria. Aquelas persoas que non teñan nacionalidade española deberán contar co correspondente visado, tarxeta de residencia ou calquera outra exixencia requirida polo país ao que viaxa, segundo corresponda. O alumnado que viaxe ao estranxeiro deberá estar en posesión do pasaporte en vigor.

2. As axudas poderán ser solicitadas polos pais, nais ou titores legais do alumnado menor de idade ou polo propio alumnado se é maior de 18 anos, con domicilio no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Artigo 4º.-*Contías das axudas.*

1. As axudas convocadas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 09.04.423A.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011 por un importe de 2.612.110 euros.

2. A contía da axuda para cada actividade será a establecida no anexo VI, e será a resultante de aplicar en cada unha das actividades convocadas a diferenza entre o custo real e a achega que lle corresponda a cada un dos beneficiarios segundo a súa catalogación nalgún dos catro grupos establecidos de acordo co procedemento aplicado para a súa selección, segundo o anexo VII.

#### Artigo 5º.-*Solicitudes, presentación e prazo.*

1. As persoas que desexen optar á axuda deberán completar en liña, a través da aplicación dispoñible desde a páxina web <http://www.edu.xunta.es/axudas-le>, o formulario electrónico que corresponda en función da actividade en que desexan participar. Unha vez cuberto este formulario, gravaranse os datos na aplicación en liña, o que xerará un documento en formato Adobe Acrobat que a persoa interesada deberá imprimir, correspondente aos anexos I, II, III, V e, de ser o caso, o anexo IV.

2. A solicitude (anexo I) deberá asinala o solicitante (o pai, a nai ou a persoa que exerce a tutoría legal, no caso de alumnado menor de idade ou o alumno ou alumna maior de 18 anos) e o director/a do centro educativo onde cursa estudos o/a alumno/a. Posteriormente e antes do remate do prazo establecido neste artigo, deberá facerse o rexistro desta solicitude, xunto cos anexos II e III e, de ser o caso, o anexo IV, debidamente asinados, así como a documentación complementaria necesaria, na oficina de rexistro único e información (edificio administrativo San Caetano s/n, Santiago de Compostela), ou ben por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das

administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. Se a solicitude se remite por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que na oficina de correos se faga constar o selo e a data antes de proceder á súa certificación postal.

3. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Artigo 6º.-*Documentación.*

1. Coa solicitude achegarase a documentación que se relaciona a continuación:

a) Certificación académica do curso 2009-2010, en que se relacionen as cualificacións de todas as áreas, materias ou módulos cursados no citado ano académico, así como a nota media obtida. No caso dos centros concertados, en educación primaria e educación secundaria obrigatoria as certificacións serán asinadas polo director ou directora do centro educativo co visto e prace da inspección educativa, e no caso das ensinanzas de bacharelato e de formación profesional, a certificación asinaraa o secretario ou secretaria do centro público en que estea o expediente académico e co visto e prace do director ou directora dese centro.

b) Autorización do pai e da nai ou do titor ou titora legal para coñecer os ingresos totais da unidade familiar, coa finalidade de poder solicitar datos de carácter tributario ou económicos que lle fosen legalmente pertinentes da Axencia de Administración Tributaria relativos ao nivel de renda (IRPF). Esta autorización cubrirase segundo o anexo II. No caso de familias en que, por circunstancia especial, igual ou similar ás descritas no anexo IV desta orde, deba constar só un proxenitor ou titor no anexo II, deberán acreditar documentalmente esta circunstancia e cubrir o anexo IV. No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable a aquel deles que non conviva co alumno ou alumna. Non obstante, de ser o caso, terá a consideración de membro computable e sustentador principal, o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación cuxas as rendas e patrimonio se incluírán dentro do cómputo da renda e patrimonio familiar. Na medida en que a través deste sistema a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poida dispoñer destas informacións, non se lles exixirá aos interesados a achega individual de certificacións expedidas pola Axencia de Administración Tributaria.

Aquelas persoas das que non se poidan solicitar datos a través da Axencia de Administración Tributaria deberán xustificar documentalmente os seus ingresos correspondentes á totalidade do ano 2009.

c) Declaración de non ter concedida, neste curso académico, outra axuda coa mesma finalidade, segundo o modelo que figura no anexo III.

d) Fotocopia do libro de familia en que figuren todos os membros da unidade familiar. No caso de

non ter libro de familia terá que presentarse documento ou documentos que acrediten os membros da unidade familiar. No suposto de non convivencia de ambos os proxenitores, deberase acreditar que o solicitante convive cos fillos.

e) Fotocopia do DNI de todos os membros da unidade familiar. Este requisito incluíra o alumnado destinatario, exceptuando o alumnado de 6º de educación primaria e os membros da unidade familiar menores de idade. As persoas que non teñan a nacionalidade española achegarán fotocopia do NIE ou tarxeta de residencia.

2. A presentación da solicitude de axudas pola persoa interesada comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia. Se o solicitante, representante legal ou membros da unidade familiar non presentaron declaración, por non estar obrigados a facelo, a acreditación dos seus ingresos familiares efectuarase mediante información de carácter tributario ou económico facilitada pola Administración tributaria, relativa ás mencionadas partes, xeral e especial, das bases, reguladas nos artigos 47º, 48º e 49º da Lei 35/2006, do 28 de novembro.

3. Os solicitantes que aleguen, no anexo I desta orde, as circunstancias familiares especiais referidas á pertenza á familia numerosa ou cun familiar con discapacidade, deberán achegar tamén a acreditación documental que precisen, dependendo do que queiran alegar nas súas solicitudes:

a) Fotocopia do título de familia numerosa, en vigor.

b) No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar en primeiro grao, fotocopia compulsada do certificado do grao de minusvalidez cunha porcentaxe igual ou superior ao 33% acreditado polo Equipo de Valoración e Orientación de Minusvalidez (EVO) da Consellería de Traballo e Benestar, ou fotocopia da resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) ou de pensionistas de clases pasivas que acredite unha pensión de grande invalidez.

4. Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificadas documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria, nin os que conteñan emendas.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá requirir das persoas solicitantes en calquera momento aclaración da documentación presentada.

Para aquelas solicitudes que non acheguen os documentos anteriormente sinalados, requirirase o interesado ou interesada para que, nun prazo de dez días naturais, emende as faltas ou remita os documentos preceptivos. De non facelo, considerarase que desistiu da súa petición e arquivarase o expediente nos termos previstos na citada lei.

#### Artigo 7º.-*Comisión de valoración.*

A valoración das solicitudes e a proposta de selección das persoas beneficiarias desta convocatoria será realizada por unha comisión integrada polos seguintes membros:

Presidencia: a persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue.

Vogais: ata un máximo de catro vogais nomeados pola presidencia da comisión de selección, con categoría de subdirector/a xeral, xefe/a de servizo ou membros da Inspección Educativa.

Unha persoa funcionaria da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretaria, con voz e sen voto.

A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada para os efectos de colaborar na valoración dos documentos achegados e na baremación.

Para os efectos previstos no artigo 26º.2 do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, esta comisión considérase incluída na categoría 3ª.

#### Artigo 8º.-*Criterios de selección.*

1. A adxudicación de axudas e de asignación de prazas na actividade solicitada farase atendendo á puntuación total obtida por cada alumno, que resulte de aplicar o baremo establecido no anexo VII desta orde.

2. A adxudicación terá carácter de concorrencia competitiva, polo tanto non será suficiente para obter asignación de praza e axuda reunir todos os requisitos exixidos nesta convocatoria, senón obter tamén un número de orde que sitúe a persoa solicitante dentro das prazas que se van conceder.

#### Artigo 9º.-*Procedemento de adxudicación de prazas.*

1. Finalizada a comprobación das solicitudes recibidas, a comisión de selección fará pública tres listaxes: unha en que se incluírán as solicitudes admitidas; unha segunda de solicitudes que precisan da emenda dalgún aspecto; e unha terceira de solicitudes excluídas facendo constar as causas de exclusión.

Estas listaxes expóranse na web da convocatoria <http://www.edu.xunta.es/axudasle>, na Oficina de Rexistro Único e Información da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e remitírase para a súa publicación ás xefaturas territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e aos centros de ensino primario e secundario obxecto do ámbito desta convocatoria.

2. A continuación abrírase un prazo de dez días naturais para emendar os erros e a falta de documentación, así como para efectuar reclamacións ou renuncias. As circunstancias da emenda de erros ou falta de documentación poderanse consultar mediante o núme-

ro do documento de identificación (DNI, NIE, etc.) da persoa solicitante na aplicación «en liña» dispoñible na páxina web <http://www.edu.xunta.es/axudasle>. A falta de presentación da documentación a que fai referencia o punto 1 do artigo 6º dentro deste prazo será motivo de exclusión da convocatoria. A falta de presentación da documentación a que fai referencia o punto 3 do artigo 6º implicará que non sexan tidas en conta as circunstancias correspondentes no momento da baremación.

3. Transcorrido este prazo, e unha vez avaliados os documentos engadidos, publicaranse as listaxes provisionais de seleccionados e de suplentes, ordenados por puntuación por cada un dos cursos, asignaráselles a contía correspondente de achega familiar, e expoñeráse co mesmo procedemento indicado no punto 1. Nos casos en que se produzan empates na puntuación, o criterio de desempate será a menor renda por cápita.

4. A continuación, abrirase un prazo de 10 días naturais para formular reclamacións. Unha vez rematado o prazo de reclamacións contra as listaxes provisionais e estudadas as alegacións presentadas, a comisión seleccionadora elevará a proposta definitiva.

5. No caso de non cubrirse o número de prazas nalgunha das actividades, por proposta motivada pola comisión de selección, a persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa poderá acordar a redistribución das prazas entre outras actividades.

#### Artigo 10º.-Resolución.

1. A persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria resolverá a relación final das persoas seleccionadas e os importes das axudas concedidas.

2. No *Diario Oficial de Galicia* publicarase a resolución definitiva de adxudicatarios. Así mesmo, na páxina web <http://www.edu.xunta.es/axudasle> publicaranse as listaxes definitivas de seleccionados e de suplentes, así como os destinos, as datas de realización das estadías e as achegas familiares correspondentes en cada caso. As persoas que facilitaron o seu correo electrónico recibirán por esta vía un documento en que se indicará o importe da achega da familia e se indicarán os datos necesarios para o pagamento da correspondente cantidade. Logo abriase un prazo de 10 días naturais para que os solicitantes remitan á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, mediante correo ordinario (será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que na oficina de correos se poida facer constar o selo e a data, antes de proceder á súa certificación postal), a seguinte documentación:

-Aceptación ou renuncia á axuda segundo o anexo V.

-Xustificante bancario do pagamento á empresa adxudicataria dos cursos no número de conta bancaria que se indicará nas instrucións que se facilitarán aos solicitantes a través do correo electrónico e o

enderezo web <http://www.edu.xunta.es/axudasle>. Este pagamento non terá devolución no caso de renuncia posterior. A non xustificación do ingreso da cantidade indicada, dentro do prazo, implica a renuncia á praza adxudicada.

-Fotocopia do pasaporte ou visado en vigor, para o alumnado que viaxa ao estranxeiro.

-Declaración de non ter concedida ningunha outra axuda coa mesma finalidade no momento de concesión da axuda, segundo o modelo que figura no anexo III.

As prazas vacantes seranlle ofertadas ao alumnado suplente por chamamento directo aos teléfonos indicados na solicitude, seguindo a relación publicada de suplentes.

3. Contra a resolución definitiva de adxudicación, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116º e 117º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 11º.-*Renuncias posteriores á aceptación da axuda e reintegros.*

1. Unha vez aceptada a axuda, mediante a sinatura do anexo V, a renuncia posterior implicará o pagamento do importe total da achega familiar correspondente nos seguintes casos, salvo causa grave debidamente xustificada:

-A renuncia unha vez rematado o prazo estipulado no artigo 10º.2 para a remisión da documentación necesaria para a aceptación da axuda.

-Non presentarse no punto de saída sinalado para o inicio da viaxe, no caso das actividades que se desenvolven no estranxeiro.

-Non presentarse o día do inicio da actividade, no caso das actividades que se desenvolven en Galicia.

-Non posuír a documentación necesaria para a realización da viaxe.

2. A obtención da axuda falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que a impedirían, así como a renuncia posterior á resolución definitiva, salvo casos debidamente xustificadas, poderá supoñer, en aplicación do artigo 33º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o reintegro do importe equivalente da axuda e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

Artigo 12º.-*Obrigas e abandonos durante a realización da actividade.*

1. Un comportamento non apropiado poderá supoñer a expulsión deste programa e o final da estadía, por causas de igual ou similar natureza ás seguintes:

- Incumprimento das leis do país a que viaxan.
- Incumprimento das normas establecidas para o desenvolvemento da actividade.
- Consumo de alcohol e/ou de substancias ilegais.
- Automedicación sen autorización médica.
- Conduas disruptivas.
- Comportamentos asociais.

A expulsión do programa suporalle ao solicitante o pagamento do regreso e do custo total da actividade, así como, de ser o caso, do importe dos danos ocasionados ou derivados desas condutas.

2. No caso do alumnado que estea realizando a estadía e decida abandonar o programa, sen unha causa grave debidamente xustificada, o solicitante asumirá os gastos ocasionados, incluíndo os de regreso, así como o importe total do custo da actividade.

Artigo 13º.-*Aceptación das bases.*

A presentación da solicitude implica a aceptación das bases desta convocatoria.

Artigo 14º.-*Comunicación.*

Toda a información relacionada co estado das solicitudes ou coa adxudicación de prazas, centros, voos, viaxes e reunión coas familias, farase a través da páxina principal da web <http://www.edu.xunta.es/axudasle>, que se actualizará periodicamente.

Artigo 15º.-*Colaboración dos centros educativos na difusión e participación nesta convocatoria.*

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria remitirá aos centros educativos información en formato electrónico sobre o procedemento de solicitude e de adxudicación de prazas, para a súa difusión entre o alumnado obxecto desta convocatoria.

2. A dirección de cada centro educativo arbitrará as medidas necesarias para que o contido desta orde sexa coñecido por todos os sectores da comunidade educativa e entregaralle unha copia dela ao Consello Escolar, ao Claustro, ás ANPA e, de ser o caso, ás asociacións de alumnado; así mesmo, expoñeranse no taboleiro de anuncios as listaxes provisionais e a definitiva de alumnado seleccionado.

3. O contido desta orde e a información complementaria atoparase na páxina da internet:

<http://www.edu.xunta.es/axudasle>

4. As direccións dos centros educativos sostidos con fondos públicos facilitará na medida das súas posibilidades ao alumnado interesado e/ou ás súas familias o acceso á aplicación informática correspondente a este programa.

Artigo 16º.-*Recursos.*

Contra esta orde as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116º e 117º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

*Disposición adicional*

Para os efectos do disposto na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44º e 45º da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, as persoas solicitantes deberán autorizarlle expresamente á Administración outorgante a inclusión e publicidade nos rexistros regulados no citado decreto dos datos básicos relevantes referidos ás axudas recibidas.

A reserva que o peticionario poida facer no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que se expresar por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido, segundo dispón o punto 2 da citada disposición adicional.

De conformidade co artigo 13º.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para adoptar os actos e medidas necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde adáptase ás normas aplicables do texto articulado da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicada no DOG do 25 de xuño de 2007.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2011.

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación  
e Ordenación Universitaria



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## ANEXO I

6º EDUCACIÓN PRIMARIA

Para cubrir pola Administración

Nº DE SOLICITUDE
CURSO

PROCEDEMENTO <b>ACTIVIDADES DE FORMACIÓN EN LINGUAS ESTRANXEIRAS</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED504B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
-------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	--------------------------------

## A. DATOS DO/A ALUMNO/A

APELIDOS	NOME	DNI/NIE	DATA DE NACEMENTO	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER

## B. DATOS PARA VERIFICAR POLO CENTRO EDUCATIVO

CURSO EN QUE ESTÁ MATRICULADO: <input type="checkbox"/> 6º educación primaria	NOTA MEDIA DO EXPEDIENTE ACADÉMICO CURSO 2009-2010	NOTA DE LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS) CURSO 2009-2010
CÓDIGO DO CENTRO EDUCATIVO	NOME DO CENTRO EDUCATIVO	
ENDEREZO DO CENTRO EDUCATIVO		CÓDIGO POSTAL
PROVINCIA	CONCELLO	TELÉFONO
CORREO ELECTRÓNICO		
Don/dona _____ director/a secretario/a do centro educativo, verifica que o/a alumno/a que presenta a solicitude cursa os estudos indicados e a veracidade dos datos académicos desta solicitude.		
_____, de _____ de _____		
Selo do centro		
Asinado:		

## C. DATOS DO PAI, NAI OU TITOR LEGAL

APELIDOS	NOME	DNI/NIE	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
CÓDIGO POSTAL	CORREO ELECTRÓNICO		
<input type="checkbox"/> TELÉFONO:	<input type="checkbox"/> TELÉFONO:	Marque con X o teléfono onde desexe recibir mensaxes de texto (SMS) do estado da súa solicitude	

## D. ALEGACIÓNS ARTIGO 6º.3

- 1- MINUSVALIDEZ DE GRAO IGUAL OU SUPERIOR AO 33% OU PENSIONISTAS DE GRANDE INVALIDEZ
- 2- FAMILIA NUMEROSA

Quen abaixo asina DECLARA QUE: non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario e que presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que, de acordo co establecido nos apartados 3 e 4 de artigo 13º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44º e 45º da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a cantidade e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 8 de marzo de 2011 pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2011, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, en réxime de concorrencia competitiva.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
Autorizo o/a meu/ña fillo/a para participar nas actividades de formación en linguas estranxeiras organizadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.	RECIBIDO	_____
SINATURA DO PAI/NAI/TITOR LEGAL OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA (A MESMA PERSOA QUE NA LETRA C)	REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA ____/____/____
D./dna. _____		DATA DE EFECTOS ____/____/____
_____, de _____ de _____		DATA DE SAÍDA ____/____/____



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN**  
**E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*ANEXO I*

Para cubrir pola Administración

Nº DE SOLICITUDE
CURSO

1º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

PROCEDEMENTO <b>ACTIVIDADES DE FORMACIÓN EN LINGUAS ESTRANXEIRAS</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED504B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
-------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	--------------------------------

**A. DATOS DO/A ALUMNO/A**

APELIDOS	NOME	DNI/NIE	DATA DE NACEMENTO	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER
----------	------	---------	-------------------	-----------------------------------------------------------------------

**B. DATOS PARA VERIFICAR POLO CENTRO EDUCATIVO**

CURSO EN QUE ESTÁ MATRICULADO: <input type="checkbox"/> 1º ESO	NOTA MEDIA DO EXPEDIENTE ACADÉMICO CURSO 2009-2010	NOTA DE LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS) CURSO 2009-2010
CÓDIGO DO CENTRO EDUCATIVO	NOME DO CENTRO EDUCATIVO	
ENDEREZO DO CENTRO EDUCATIVO		CÓDIGO POSTAL
PROVINCIA	CONCELLO	TELÉFONO
CORREO ELECTRÓNICO		
Don/dona _____ director/a secretario/a do centro educativo, verifica que o/a alumno/a que presenta a solicitude cursa os estudos indicados e a veracidade dos datos académicos desta solicitude. _____, de _____ de _____ Selo do centro		
Asinado:		

**C. DATOS DO PAI, NAI OU TITOR LEGAL**

APELIDOS	NOME	DNI/NIE	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
CÓDIGO POSTAL	CORREO ELECTRÓNICO		
<input type="checkbox"/> TELÉFONO:	<input type="checkbox"/> TELÉFONO:	Marque cun X o teléfono onde desexe recibir mensaxes de texto (SMS) do estado da súa solicitude	

**D. ALEGACIÓNS ARTIGO 6º.3**

<input type="checkbox"/> 1- MINUSVALIDEZ DE GRAO IGUAL OU SUPERIOR AO 33% OU PENSIONISTAS DE GRANDE INVALIDEZ
<input type="checkbox"/> 2- FAMILIA NUMEROSA

Quen abaixo asina **DECLARA QUE**: non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario e que presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que, de acordo co establecido nos apartados 3 e 4 de artigo 13º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44º e 45º da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a cantidade e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 8 de marzo de 2011 pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2011, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, en réxime de concorrencia competitiva.</i>
Autorizo o/a meu/miña fillo/a para participar nas actividades de formación en linguas estranxeiras organizadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. SINATURA DO PAI/NAI/TITOR LEGAL OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA (A MESMA PERSOA QUE NA LETRA C) D./dna. _____ _____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		_____
		DATA DE ENTRADA ____/____/____
		DATA DE EFECTOS ____/____/____
REVISADO E CONFORME		DATA DE SAÍDA ____/____/____



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## ANEXO I

2º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Para cubrir pola Administración

Nº DE SOLICITUDE
CURSO

PROCEDEMENTO <b>ACTIVIDADES DE FORMACIÓN EN LINGUAS ESTRANXEIRAS</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED504B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
-------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	--------------------------------

## ORDE DAS PREFERENCIAS DE DESTINO (POÑA 1 ou 2)

<input type="checkbox"/> Inglés	<input type="checkbox"/> Francés
---------------------------------	----------------------------------

## A. DATOS DO/A ALUMNO/A

APELIDOS	NOME	DNI/NIE	DATA DE NACEMENTO	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER

## B. DATOS PARA VERIFICAR POLO CENTRO EDUCATIVO

CURSO EN QUE ESTÁ MATRICULADO: <input type="checkbox"/> 2º ESO	NOTA MEDIA DO EXPEDIENTE ACADÉMICO CURSO 2009-2010	NOTA DE LINGUA ESTRANXEIRA CURSO 2009-2010 INGLÉS	FRANCÉS
CÓDIGO DO CENTRO EDUCATIVO	NOME DO CENTRO EDUCATIVO		
ENDEREZO DO CENTRO EDUCATIVO			CÓDIGO POSTAL
PROVINCIA	CONCELLO	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			
Don/dona _____ director/a secretario/a do centro educativo, verifica que o/a alumno/a que presenta a solicitude cursa os estudos indicados e a veracidade dos datos académicos desta solicitude. _____, de _____ de _____ Selo do centro _____ Asinado: _____			

## C. DATOS DO PAI, NAI OU TITOR LEGAL

APELIDOS	NOME	DNI/NIE	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
CÓDIGO POSTAL	CORREO ELECTRÓNICO		
<input type="checkbox"/> TELÉFONO: _____	<input type="checkbox"/> TELÉFONO: _____	Marque cun X o teléfono onde desexe recibir mensaxes de texto (SMS) do estado da súa solicitude	

## D. ALEGACIÓNS ARTIGO 6º.3

<input type="checkbox"/> 1- MINUSVALIDEZ DE GRAO IGUAL OU SUPERIOR AO 33% OU PENSIONISTAS DE GRANDE INVALIDEZ
<input type="checkbox"/> 2- FAMILIA NUMEROSA

Quen abaixo asina DECLARA QUE: non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario e que presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que, de acordo co establecido nos apartados 3 e 4 de artigo 13º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44º e 45º da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a cantidade e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 8 de marzo de 2011 pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2011, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, en réxime de concorrencia competitiva.

Autorizo o/a meu/ña fillo/a para participar nas actividades de formación en linguas estranxeiras organizadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

